

IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONCELLO  
DE VIGO



Na Casa do Concello de Vigo,

### **REUNIDAS**

Dunha parte, D<sup>a</sup> Eugenia Dolores Blanco Iglesias, na súa condición de concelleira-delegada da Área de Igualdade e Normalización Lingüística por Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019, modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias, e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os delegadas/os de Área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021, asistida pola secretaria de Goberno Local, D<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña, para os efectos de dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Doutra parte, D<sup>a</sup> María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF n.º G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, núm. 12, de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 12013/224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I. Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención da violencia de xénero e na axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha asociación independente e autónoma baixo o nome *Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo* formalizando a súa inscrición nos Rexistros de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta Asociación fórmana un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero.

As mulleres que forman parte da Rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico e policial.

Os fins da Rede de Mulleres Veciñais, como contemplan os seus estatutos, son, entre outros:

- Traballar na prevención dos malos tratos.
- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario.
- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e

IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONCELLO  
DE VIGO



propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

**II.** Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica ás mulleres, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres, e unha rede municipal de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da Concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

**III.** Que o Concello de Vigo, no seu orzamento aprobado para o exercicio 2023, na partida 2311 4890004, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.300,00 €, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

**IV.** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervenientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a realización dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto *Sororidade*.
- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*.
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*.
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*.

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades 2023*, que se incorpora como anexo neste expediente.

**V.-** Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que achega a entidade beneficiaria, documento que se incorpora ao expediente deste convenio.

IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONCELLO  
DE VIGO



**VI.** Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

**VII.** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que, para a cidade de Vigo, representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, o Concello de Vigo e a dita Asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

### **PACTOS**

#### **PRIMEIRO.- OBXECTO**

O obxecto deste convenio é apoiar a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo nos labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, na formación continua das voluntarias da Rede que realizan os ditos acompañamentos así como nas xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias. Asemade, no marco desta subvención inclúense os proxectos que a entidade beneficiaria realizará desde o mes de novembro de 2022 ata o mes de outubro de 2023, e que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en situación de violencia de xénero: proxecto *Sororidade*.
- Área de reincorporación psico-social: proxecto *Activas*.
- Área de concienciación, prevención e denuncia social: proxecto *Visibles*.
- Área de formación: proxecto *Con perspectiva de xénero*.

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria *Programa de actividades 2023*, que se incorpora como anexo neste expediente.

As accións prioritarias obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soidade e angustia, transmitíndolles apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

#### **SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA**

1. A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotar as mulleres voluntarias da entidade daqueles mecanismos sociais de apoio ás vítimas para acompañar os casos de mulleres en situación de violencia de xénero, especialmente, o colectivo de mulleres usuarias da rede municipal

IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONCELLO  
DE VIGO



de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), a ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Procederáse á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo servizo municipal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

2. Derivar ao *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* (CIM), servizo adscrito á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo e responsable de ofrecer e garantir a información e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres vítimas de violencia de xénero, a todas as mulleres que, sendo beneficiarias dalgún programa desenvolvido pola Rede de Mulleres contra os Malos Tratos (acompañamento, actividades de formación, consultas *online*, actos, etc.), estean en situación de violencia de xénero.
3. Comunicar á Concellería de Igualdade, con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo, DNI/NIE, enderezo e teléfono/s de contacto.

Calquera dato de carácter persoal que a entidade obteña ao abeiro deste convenio non poderá ser obxecto de uso particular, nin de cesión a terceiras persoas. Os datos necesarios que a entidade beneficiaria debe obter para cumprir as obrigas establecidas neste convenio deberán recollese previa autorización asinada das mulleres beneficiarias dos programas obxecto deste convenio. Esa autorización firmada deberá indicar o uso que se vai facer deses datos, así como que serán cedidos exclusivamente á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo. En todo caso, deberá cumprirse a normativa vixente de uso, protección e tratamento de datos de carácter persoal.

4. A entidade beneficiaria Rede de Mulleres veciñais contra os Malos Tratos asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre a protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia, principalmente, no referente aos datos especialmente protexidos e ao recoñecemento do dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial como é o caso das vítimas de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra as mulleres.
5. Achegar trimestralmente á Concellería de Igualdade as “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” (anexo I), debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade, quen declarará que os ditos acompañamentos non se incluíron en ningunha outra xustificación de subvención ou convenio de colaboración con entidade pública ou privada. Este documento deberá vir conformado pola presidenta da entidade.

IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONCELLO  
DE VIGO



6. Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Concellería de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice e se enmarquen no *Programa de actividades 2023* que presentou ao convenio, incluída a páxina web, blog e redes sociais propias. Asemade, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades da Asociación en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presenza de medios.

Para acadar este fin deberá cumprir co estipulado no pacto oitavo *Publicidade*.

7. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin. Incluiranse os gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores para cubrir as necesidades de conciliación que precisen as mulleres usuarias do seu programa (especialmente, e de xeito prioritario, as mulleres vítimas de violencia de xénero).
8. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.
9. Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade das persoas que traballen ou colaboren na Asociación.
10. Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma, a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.
11. A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.
12. As obrigas da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO**

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

**IGUALDADE**

**CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



1. Achegar a documentación técnica precisa, como a guía de recursos, e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social), a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
2. Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo unha subvención por importe de 30.300,00 €, co obxecto de coadxuvar no financiamento das actividades da Asociación no ámbito da promoción da igualdade e da intervención contra a violencia de xénero.

#### **CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA**

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; no caso de superalo, procederase na forma prevista no artigo 34 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para os casos de exceso de financiamento sobre o custo da actividade.

#### **QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA**

1. O Concello de Vigo aboará o importe da axuda en tres partes:
  - a) A primeira, por importe de 9.090,00€, coa firma do presente convenio; anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.
  - b) A segunda, por importe de 10.605,00€, no mes de xuño, tras a entrega do informe de avaliación das actividades e dos xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.
  - c) A terceira, por importe de 10.605,00€, no mes de novembro, previa certificación do servizo de Igualdade que acredite o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da Asociación e os xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.
2. Antes de proceder a cada pago da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a

**IGUALDADE**

**CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

#### **SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN**

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiras persoas ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiras persoas a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiras persoas as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvencións de Galicia.

#### **SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha Comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira-delegada de Igualdade estará formada, previo nomeamento pola Presidenta, por:

- A presidenta e a coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo
- A xefa do servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.
- Unha técnica do servizo de Igualdade.

Actuará como secretaria unha das vogais da Comisión, que se designará para tal fin.

#### **OITAVO.- PUBLICIDADE**

1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade a este convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.
2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade do financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda “Colabora Concellería de Igualdade-Concello de Vigo” en canto material escrito e audiovisual se empregue.

IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONCELLO  
DE VIGO



É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no período que abrangue este convenio e que se enmarquen no seu programa de actividades incorporado como anexo neste expediente. Para acadar este fin, a beneficiaria colocará, en lugar visible para o público, un cartel que identifique o Concello de Vigo e a Concellería de Igualdade e indique que o acto/a actividade que se está a realizar está financiado/a polo Concello de Vigo. Esta difusión tamén se fará extensiva á páxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará á Concellería de Igualdade, coa suficiente antelación, a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello.

Asemade, calquera representante ou portavoz da entidade beneficiaria deberá informar e difundir o apoio da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo ao mantemento e financiamento das actividades da Asociación en toda intervención que realice por calquera canle ante os medios de comunicación. Esta obriga estenderase a todos os actos públicos: charlas, xornadas, mesas de debate, etc., aos que sexan invitadas, aínda que non haxa presenza de medios.

3. A difusión deste financiamento municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria semestral e na anual que presente a beneficiaria (anuncios prensa, audios, vídeos, gravacións, imaxes das actividades coa difusión da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.).

## NOVENO.- XUSTIFICACIÓN

1. Prazo: antes do 4 de novembro de 2023, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e, no seu caso, a aplicación dos fondos recibidos. A data límite para presentar a xustificación será, por tanto, o 3 de novembro de 2023.

2. Procedemento: en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego de medios electrónicos para presentar a conta xustificativa da subvención outorgada, a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por Internet). Requírese identificación e sinatura electrónica, que se farán por calquera dos medios admitidos polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>.

A teor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cubertos por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministro de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electronicamente.



**IGUALDADE**

**CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos medios de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, asinaranse antes do seu envío a través da sede electrónica.

3. A memoria xustificativa deberá conter a seguinte documentación:

a) A xustificación do gasto imputable ao programa subvencionado deberá facerse con documentos orixinais polo importe subvencionado e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 37.300,00 € (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).

A tal efecto, presentará unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos tal e como se indica no parágrafo anterior, xunto cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

As facturas, que serán orixinais, deberán indicar o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique que a Asociación está exenta de presentar declaración polo IVE. Non será preciso que nos documentos xustificativos dos pagos conste de forma expresa que os pagos foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal...) como o abono de salarios, gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores das usuarias, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes da Rede, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2023.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención sempre que se imputen á

**IGUALDADE**

**CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



actividade subvencionada, na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

b) “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción” (anexo I). Neste documento deberán constar todos os acompañamentos realizados ás mulleres beneficiarias do programa no período subvencionado e deberá vir firmado por cada unha das beneficiarias, polas persoas voluntarias que realizen o acompañamento e pola responsable do programa na entidade beneficiaria, quen declarará que os ditos acompañamentos non se incluíron en ningunha outra xustificación de subvención ou convenio de colaboración con entidade pública ou privada. Este documento deberá vir conformado pola presidenta da entidade.

Estas fichas entregaranse con carácter trimestral na Concellería de Igualdade, cuxo persoal acusará recibo de dita documentación.

c) Unha memoria semestral e outra anual, ao remate do período subvencionado, en soporte impreso e dixital, que reflectan dun xeito cuantitativo e cualitativo todas as actividades realizadas no marco deste convenio.

#### **DÉCIMO.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Serán gastos subvencionables os que se realicen desde o 1 de novembro de 2022 ata o 31 de outubro de 2023 (incluídos) e de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2023 e que forma parte deste convenio.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal...) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das voluntarias acompañantes, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2023. Ademais, serán gastos subvencionables os gastos de xestión e cobertura dos servizos de coidado e atención de menores para cubrir as necesidades de conciliación que precisen as mulleres usuarias do programa (especialmente, e de xeito prioritario, as mulleres vítimas de violencia de xénero).

#### **DÉCIMO PRIMEIRO.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

IGUALDADE

CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CONCELLO  
DE VIGO



## **DÉCIMO SEGUNDO.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

## **DÉCIMO TERCEIRO.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DA AXUDA**

Dará lugar á perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención o incumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas establecidas neste convenio, a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta, e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Serán causas de invalidez as previstas no artigo 32 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

## **DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención á que se refire este convenio e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **DÉCIMO QUINTO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos da entidade beneficiaria da subvención, os da súa representante, así como os datos de carácter persoal que facilite ao Concello de Vigo ao abeiro deste convenio, serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención nominativa obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable do tratamento deses datos e asume as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, e das demais disposicións vixentes nesta materia.

**IGUALDADE**

**CONCELLERÍA DE  
IGUALDADE E  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

#### **DÉCIMO SEXTO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; os pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2023; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, na data da súa sinatura dixital.

A presidenta da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo; María Rosario Otero Rodríguez

A concelleira-delegada de Igualdade; Eugenia Dolores Blanco Iglesias

Dou fe:

A secretaria de Administración Municipal; Susana Gallardo Fariña

LOGO DA ENTIDADE

CONCELLERÍA  
DE  
IGUALDADE

CONCELLO  
DE VIGO



## ANEXO I: FICHA MENSUAL DAS DESTINATARIAS DA ACCIÓN

XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS E O CONCELLO DE VIGO NO ANO 2023

### RELACIÓN ACREDITATIVA DOS ACOMPAÑAMENTOS MENSUAIS A MULLERES V.V.X.

DATOS PERSOAIS DA USUARIA				
NOME		APELIDOS		DNI/NIE
TELÉFONOS		IDADE	<input type="checkbox"/> Menor de 25 anos <input type="checkbox"/> Entre 46 e 54	<input type="checkbox"/> Entre 25 e 45 <input type="checkbox"/> Maior de 54 anos
<b>ACOMPAÑAMENTOS REALIZADOS NO MES DE ..... DO ANO 2023</b>				

Autorízase a recollida de datos de carácter persoal, así como dos datos dos acompañamentos realizados pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos, para que formen parte da memoria xustificativa desta entidade no marco do convenio financiado polo Concello de Vigo para o mantemento da rede de mediadoras que realizan os acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia de xénero no exercicio 2023.

Nº	DATA DO ACOMPAÑAMENTO	NOME E APELIDOS DA PERSOA QUE REALIZA O ACOMPAÑAMENTO	SINATURA
1			
2			
3			
4			
<b>Sinatura da usuaria</b>			

Dona..... con DNI núm. .... responsable do programa na entidade, declaro que estes acompañamentos non foron incluídos como obxecto de xustificación noutra subvención ou convenio de colaboración con outras entidades públicas ou privadas. <b>Sinatura:</b>	A PRESIDENTA: Dona ..... DNI núm..... <b>Sinatura:</b>
---	---